



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: RES. MESA COORDINACIÓN POLÍTICAS INTERNAS INFANCIA E ADOLESCENCIA
EXPEDIENTE: 2018/G003/000179

O Programa de Cidades Amigas da Infancia (CAI), liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), da que o noso país é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.

O Programa incentiva a creación de plans locais de infancia e adolescencia, promove a participación cidadá das nenas, nenos e adolescentes na vida municipal, impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia e dinamiza a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento desas políticas.

Entre os requisitos esixidos para obter o selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, atópase a creación dun Órgano de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencias.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, pola presente,

RESOLVO

Primeiro.- Crear o Órgano de Coordinación interna das políticas municipais da infancia e adolescencia de Teo, cuxa misión consiste en articular e dotar de coherencia interna ás políticas de infancia e adolescencia do goberno local favorecendo a comunicación e colaboración entre representantes políticos e técnicos de distintas concellerías, departamentos ou áreas de traballo. Este órgano denominarase Mesa de coordinación interna.

Segundo.- Establecer que a Mesa de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencia de Teo, reunirse con carácter ordinario unha vez ao semestre, podendo celebrarse sesión extraordinaria sempre que sexa necesario e independentemente das reunións técnicas necesarias para levar a cabo as funcións asignadas.

Terceiro.- Designar como membros da Mesa de Coordinación Interna a:

Representantes políticos:

- Coordinación política: Ignacio Iglesias Villar, Concelleiro de Benestar e Igualdade.
- María Pilar Pérez Faxil: Concelleira de Cultura e Educación.
- Jorge Carballido Salgado: Concelleiro de Deportes.
- Xurxo Franco Liñares: Concelleiro de Servizos Básicos.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

- Francisco Nanín Castro: Concelleiro delegado do grupo de goberno

Persoal técnico:

- Coordinación técnica: Eva López Soto, educadora social do Concello de Teo.
- Chus Boullón Rodríguez, técnica de deportes do Concello de Teo.
- Silvia Casas Portel, alfabetizadora dixital do Concello de Teo.

Invitado:

- Óscar Senra Gómez, persoal da empresa Maos que realiza o servizo técnico do Programa Cidades Amigas da Infancia.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución a todos os membros da Mesa de Coordinación Interna das políticas municipais de infancia e adolescencia do Concello de Teo.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde accidental

A secretaria xeral, que dou fe

X. Ignacio Iglesias Villar

Virginia Fraga Díaz